



**Deputación
DA CORUÑA**

**SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
Sección III**

Asunto: Reiteración da proposta de modificación da relación de postos de traballo coa creación dun novo posto de traballo na Sección III do servizo de orzamentos e asistencia económica a Concellos.

Unidade: Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

Expediente nº: 2024000039392

I.- ANTECEDENTES

Primeiro. A sección III do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos foi creada coa finalidade de prestar a asistencia, asesoramento e apoio ás entidades locais da provincia, nas materias competencia da área, dentro do marco de actuación do Plan Provincial de aplicacións e servizos para a xestión municipal da Deputación Provincial da Coruña. Neste contexto a Deputación iniciou no ano 2015 o proxecto para a implantación, mantemento e soporte da aplicación de recursos humanos ginpix7 nos Concellos e Entidades locais da provincia.

Os obxectivos específicos desta sección son os seguintes:

1º) O asesoramento, apoio e asistencia personalizados nas materias de xestión de RRHH, nóminas, Seguridade Social e as demais materias que teñan vinculación con elas.

As consultas realizadas polos concellos e entidades locais abarcan moi diferentes situación e casuísticas, todas elas relacionadas coas materias anteditas, e moi en particular, sobre a aplicación da normativa laboral vixente (TREBEP, Estatuto dos traballadores, etc.) ao seu persoal funcionario, laboral, estatutario e cargos públicos.

2º) O apoio e asistencia aos entes locais no uso ou manexo da aplicación informática de xestión de recursos humanos subministrada a ditas entidades pola Deputación Provincial.

Desde o ano 2015 a sección ven realizando como un dos seus principais cometidos o asesoramento, o soporte a asistencia, e a formación a un total de 78 entidades Locais, no manexo e utilización do programa ginpix7 abarcando todos os procesos relacionados coa xestión do persoal de ditas entidades: calculo do ciclo completo das nóminas, xeración dos ficheiros de intercambio para a contabilidade automática das nóminas no programa de contabilidade, xestión da afiliación e cotización á seguridade e social, e por conseguinte a xeración e tratamento dos ficheiros de intercambio co "sistema red" dentro do sistema de liquidación directa da Tesoureira da Seguridade Social (ficheiros de bases e ficheiros CRA), xestión e tratamento (xeración e envío) dos ficheiros de



**Deputación
DA CORUÑA**

**SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
Sección III**

baixas por IT, xeración de contratos e certificados e intercambio dos ficheiros correspondentes co SEPE, xeración e tramitación tributaria dos modelos e certificacións do IRPF trimestrais e anuais, cálculo do Capítulo I do orzamento municipal, e mantemento e xestión da relación de postos de traballo e o cadro de persoal, xeración de informes e consultas dos datos do programa, entre outras.

3º) A emisión de informes nas materias competencia da Área.

4º) A colaboración co servizo de Planificación e xestión de recursos humanos no análise de novidades normativas o nas actualizacións da aplicación da xestión de persoal e recursos humanos.

Segundo. Para cumprir cos obxectivos anteriores e levar a cabo todas as funcións de asesoramento, soporte e asistencia aos concellos e entidades locais da provincia inherentes aos mesmos a sección III conta co seguinte persoal:

- Unha Xefatura de Sección
- Unha Xefatura de departamento, con dedicación de xornada a tempo parcial
- Un posto de asesora técnica, subgrupo A2, escala de administración especial.

Terceiro. As consultas e incidencias remitidas desde as diversas EE.LL. da provincia en tempo real, se realizan principalmente por vía telefónica ou informática (correo electrónico, sistema Proactivanet). Segundo pode consultarse na propia memoria anual do Servizo de orzamentos e asistencia económica a concellos nos últimos anos o número de consultas e incidencias evacuadas a esta Sección foi incrementando de maneira exponencial, especialmente dende o ano 2021. Como exemplo, durante o ano 2023 foron rexistradas na aplicación de xestión de soporte (Proactivanet) **2472 incidencias** e/ou peticións, e no ano 2024 o dito número incrementouse ata **2645**, existindo ademais un número indeterminado de consultas e incidencias non rexistradas por dita aplicación, pois foron recibidas directamente vía correo electrónico ou teléfono. Todas elas foron atendidas polo persoal da Sección citado.

Os motivos deste incremento das consultas e incidencias son moi diversos pero se deben principalmente á aprobación en varias ocasións dentro de cada uno dos anos anteriores de diferentes incrementos das retribucións do persoal ao servizo do sector público, os numerosos cambios normativos introducidos en materia tributaria, e de afiliacións e cotizacións á



**Deputación
DA CORUÑA**

**SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA
A CONCELLOS
Sección III**

seguridade social, e aos procesos de estabilización de persoal acometidos en todas as entidades locais nos últimos anos.

Como consecuencia do citado incremento, a carga de traballo do persoal da Sección III aumentou considerablemente nestes tres últimos anos, afectando de maneira directa á calidade na atención, soporte e asesoramento e á axilidade na resolución das consultas e incidencias aos Concellos e entidades locais, que diminuíron de maneira notable. A previsión para este ano 2025 e os seguintes é que o número de consultas e incidencias siga crescendo de maneira exponencial debido a todos estes factores.

Por conseguinte, resulta necesario dotar de mais persoal á Sección III para que os seus obxectivos primordiais de asesoramento, asistencia e apoio ás entidades locais non se vexa menoscabado pola insuficiencia de recursos persoais dispoñibles.

II.- CONCLUSIONS

Tendo en conta os antecedentes expostos, esta sección propón:

Reiterar a solicitude ao Servizo de planificación e Xestión de Recursos Humanos da **creación dun novo posto de Asesor Técnico, subgrupo A2, escala de administración especial, adscrito á Sección III** do servizo de orzamentos e asistencia económica a Concellos, mediante a correspondiente modificación da relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña.

A xefa da sección III

A xefa do servizo

Conforme

María Rosón Porto
(asinado dixitalmente)

M^a José Vázquez Sesmonde
(asinado dixitalmente)

O interventor Xeral
(asinado dixitalmente)